

## **Reglamento das Prácticas Externas de Grao**

**Título de Grao en Enxeñaría Informática pola UDC  
(Aprobado en Xunta de Centro do 17 de decembro de 2012.  
Revisado 10 de xuño de 2013)**

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, dictado no desenvolvemento da Lei Orgánica de Universidades (Lei Orgánica 6/2001, de 21 decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril), e xurdido a raíz da ordeación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, indica que os plans de estudos «conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir» citando explicitamente as «prácticas externas» entre as actividades (artigo 12.2) incluídas nesa formación, sinalando posteriormente que, en caso de programarse, as prácticas externas «terán una extensión máxima de 60 créditos e deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos» (artigo 12.6).

Neste mesmo sentido, o Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, reconece no seu artigo 8 o dereito dos estudantes de grao a «disparen da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que se poderán realizar en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa» (alínea f) e a «contaren con tutela efectiva, académica e profesional (...) nas prácticas externas que se prevexan no plan de estudos» (alínea g). Con maior detalle, o artigo 24 deste estatuto regula as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos os estudantes matriculados en calquera ensinanza impartida polas universidades ou centros adscritos a elas.

Finalmente, o Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro (BOE número 297, de 10 de decembro) desenvolve en detalle unha regulación das prácticas académicas externas para estudantes universitarios. Ao abeiro do devandito real decreto, a UDC ten establecido os modelos de convenios de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares.

Obtida a verificación polo Consello de Universidades do plan de estudos do Título de Grao en Enxeñaría Informática pola Universidade da Coruña (UDC), logo de informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e acordado o carácter oficial do título polo Consello de Ministros do 17 de xuño de 2011 (publicado «BOE» do 14 de xullo de 2011 por Resolución do Secretario de Estado de Universidades do 27 de xuño de 2011), este foi publicado por Resolución do 5 de outubro de 2011 da Universidade da Coruña, no «BOE» do 18 de novembro de 2011. No plan de estudos considérase a materia “Prácticas Externas” que se oferta no cuarto ano en tódolos itinerarios dentro do bloque de optatividade que

comprende un total de 18 ECTS.

Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar as prácticas externas deste Centro, resulta convinte establecer as seguintes normas de carácter xeral.

### **1. Definición e ámbito de aplicación.**

1.1. As prácticas externas son actividades formativas realizadas, de acordo ao disposto no presente Regulamento, por estudantes universitarios en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións ou organismos, de carácter público ou privado (incluída a propia Universidade da Coruña) de ámbito nacional e internacional.

1.2. Dado o seu carácter formativo, as prácticas externas non poderán, en ningún caso, derivar obrigas propias dunha relación laboral nen substituír á función dun posto de traballo.

1.3. Caso do estudante se incorporar á entidade colaboradora ao termo dos seus estudos, o tempo de prácticas non se computará aos efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación tivese estipulado algo distinto.

1.4. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

### **2. Obxectivo**

2.1 O principal obxectivo das prácticas externas é o de permitir ao alumno a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na súa formación académica. As prácticas externas darán a coñecer ao alumno as metodoloxías de traballo no entorno profesional, facilitando a súa empregabilidade e futura inserción no mercado laboral. Ademáis, favorecerán o desenvolvemento de competencias técnicas, persoais e participativas, fomentando os valores de innovación, creatividade e emprendemento.

### **3. Coordinador do programa e tutela das prácticas externas**

3.1. O responsable do programa será o Coordinador do Programa de Prácticas Externas do Centro, que será o encargado da súa organización e xestión. O Coordinador do Programa de Prácticas será un membro do equipo directivo designado pola Dirección do Centro.

3.2. Durante o período de prácticas, o estudante contará coa supervisión dun titor académico e dun titor externo, correspondéndolle a ambos manter os contactos necesarios para un correcto seguemento das actividades formativas do alumno.

3.3. O titor académico pode ser calquer profesor da UDC con docencia no título de Grao en Enxeñaría Informática. O titor académico encargárase do asesoramento, a supervisión e a cualificación das prácticas externas realizadas polo alumno, en función da memoria final elaborada por este xunto co informe de avaliación proporcionado polo titor externo.

3.4. O titor externo será unha persoa designada pola entidade colaboradora e vinculado a ela, con experiencia profesional e coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. O titor externo non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor académico para un mesmo estudante en prácticas. O titor externo encargárase do seguemento da actividade do estudante dentro da Entidade Colaboradora e emitirá, ao finalizar o período de prácticas, un informe final de avaliación xunto cun certificado para o estudante onde figure o contido e duración total das actividades realizadas. Ambos dous documentos seguirán un modelo normalizado proporcionado polo Centro.

3.5. Os titores académicos e externos poderán obter da Universidade o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumprir as obrigas previstas e terán os dereitos establecidos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro.

#### **4. Modalidades.**

4.1. Existen dúas modalidades de prácticas externas:

a) Prácticas Externas Curriculares: configúranse como actividade académica incluída no plan de estudos, no caso do Título de Grao en Enxeñaría Informática con carácter optativo.

b) Prácticas Externas Extracurriculares: son aquelas que poderán realizar os estudantes voluntariamente e, que aínda tendo os mesmos fins, non están incluídas no plan de estudos, sen prexuízo da súa mención posterior en certificacións administrativas, en particular no Suplemento Europeo ao Título conforme determine a normativa vixente.

## **5. Duración e horarios de realización.**

5.1. A duración das prácticas será a seguinte:

a) As prácticas externas curriculares terán a duración establecida no plan de estudos, e dicir, un máximo de 12 ECTS a elixir dentro do bloque de optatividade no cuarto curso. Cada práctica ofertada especificará o seu número de créditos, que pode ser de 6 ECTS ou de 12 ECTS. Como cálculo orientativo, por cada 6 ECTS de prácticas externas estímase que 5 ECTS corresponden a traballo a desenvolver na entidade colaboradora e 1 ECTS a reunións co tutor académico, elaboración de informes periódicos e preparación e avaliación da memoria final.

b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior a 30 ECTS (o cincuenta por cento do curso académico) procurando o aseguramento do correcto desenvolvemento e seguemento das actividades académicas do estudante. Caso de estudantes que conclúren os seus estudos durante o curso académico en que realizan as prácticas, estas daranse por terminadas á finalización do período lectivo dese curso.

5.2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das prácticas e a disponibilidad da entidade colaboradora. Os horarios, en todo caso, serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolta polo estudante na universidade.

## **6. Proxecto formativo.**

6.1. O proxecto formativo de cada práctica virá establecido no módulo de Prácticas Externas Curriculares do Título, e/ou na Guía Docente da materia. A Guía Docente será elaborada pola Xunta de Centro ou Comisión delegada, e deberá ser aprobada e publicada pola Xunta de Centro en cada curso académico. O proxecto formativo conterá polo menos os obxectivos, competencias, e actividades formativas da práctica. Os contidos das prácticas deseñaranse de forma que aseguren a relación directa destes cos estudos cursados.

6.2 En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

## **7. Convenios de cooperación educativa.**

7.1. A realización das Prácticas Externas requirirá a subscrición previa dun Convenio de cooperación educativa. Este convenio formalizarase entre a entidade externa colaboradora e a UDC ou, no seu defecto, unha das entidades coas que exista un convenio coa UDC para poder xestionar prácticas externas.

7.2. O Convenio de colaboración estará vixente durante o curso académico para o que se subscriba, prorrogándose automaticamente nos cursos sucesivos salvo denuncia expresa por calquera das partes, a non ser que se estipule expresamente

a súa duración concreta.

7.3. A entidade colaboradora poderá prever a aportación dunha cantidade en concepto de bolsa ou apoio ao estudo que abonará directamente ao estudante. De contemplarse, a cuantía da axuda deberá constar no Convenio e, en ningún caso, terá consideración de remuneración ou nómina ao non existires relación contratual.

7.4. Naqueles supostos de Prácticas Externas Extracurriculares nos que por causas alleas á UDC non poida formalizarse un convenio de cooperación educativa, o Centro xustificará a devandita circunstancia, podendo levarse a cabo as prácticas sempre que se dispoña dun documento de aceptación da empresa ou entidade admitindo o desenvolvemento destas e co visto e prace do Reitor.

## **8. Destinatarios das Prácticas Externas e requisitos para a súa realización.**

8.1. Poderán optar á realización prácticas externas ao abeiro do disposto neste Regulamento:

a) Os estudantes propios da UDC matriculados nos estudos de Grao en Enxeñaría Informática desta universidade que teñan superados o 50% dos créditos necesarios para a obtención do título incluíndo todos os créditos da formación básica.

b) Os estudantes doutras universidades españolas ou extranxeiras que, en virtude de programas de mobilidade ou de convenios establecidos con elas, se atopen cursando estudos de Grao en Enxeñaría Informática na UDC, sempre que teñan superados 150 ECTS no seus estudos de orixe e que as asignaturas que estean cursando na UDC non sexan de formación básica ou común.

8.2. Non poderán participar en ningunha das convocatorias dos distintos programas de prácticas externas os estudantes que teñan superada a carga lectiva global do plan de estudos que lles dá dereito á obtención do título ou os que xa obtiveran o título.

8.3. Non poderán ser beneficiarios de prácticas externas os estudantes que manteñan unha relación contratual coa entidade colaboradora que as oferta, salvo autorización de acordo coa normativa interna da UDC. Na documentación que o estudante achegará ao serlle asignada unha práctica incluírase unha declaración firmada da súa desvinculación contratual coa entidade colaboradora proponente mediante modelo normalizado, ou a autorización que o exima deste requisito no seu caso.

8.4. O Centro adecuará a oferta de prácticas segundo os convenios subscritos coa demanda e o cumprimento dos requisitos académicos de acceso establecido para éstas.

## **9. Obrigas e dereitos dos estudantes en prácticas.**

9.1. Durante a realización das prácticas, o estudante terá as seguintes obrigas:

- a) cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas;
- b) cumprir co proxecto formativo das prácticas e coas actividades formativas acordadas coa entidade colaboradora para a práctica asignada, seguindo as indicacións do titor externo e baixo a supervisión do titor académico;
- c) manter contacto co titor académico durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir, entregándolle os informes intermedios que este lle requira así como a memoria final obrigatoria no prazo máximo fixado;
- d) incorporarse á entidade nas datas e horarios acordados;
- e) respectar os regulamentos e as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da entidade colaboradora;
- f) manter absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da entidade colaboradora (mesmo unha vez finalizado o período de prácticas);
- g) calquera outra obriga prevista na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola UDC e, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas vinculadas á UDC, coa entidade colaboradora.

9.2. Os estudantes terán garantidos, en todo caso, os dereitos previstos no artigo 9.1 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, así como o de teren os permisos que reconeza a legalidade vixente.

## **10. Obrigas e dereitos da entidade colaboradora.**

10.1. A entidade colaboradora na que se encontren realizando as prácticas externas os estudantes estará obrigada a:

- a) Cumprir as condicións contidas na oferta de prácticas externas, así como o Convenio de cooperación que regula estas.
- b) Nomear un titor que se encargará de garantir o proceso formativo do estudante na entidade, así como de comunicar calquera incidencia sobre as prácticas ao titor académico do Centro.
- c) Garantir a formación complementaria que precise o estudante para realizar as prácticas.
- d) Facilitar ao estudante cumprir coa súa actividade académica e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora polo estudante.
- e) Despois de rematar as prácticas, a Entidade Colaboradora expedirá ao alumno o certificado acreditativo, mediante modelo normalizado, firmado polo titor externo no que figuren o contido e duración das actividades desenvolvidas.

10.2. A entidade colaboradora na que se encontren realizando as prácticas externas os estudantes terá dereito a:

- a) Interromper a realización das prácticas se o estudante vulnera gravemente as

súas obrigas, sempre baixo a previa comunicación ao Coordinador de Prácticas Externas do Centro.

b) Solicitar ao Centro certificacións acreditativas do labor formativo desempeñado polos titores externos vinculados á entidade colaboradora.

## **11. Informe de seguimento final do titor da Entidade Colaboradora.**

11.1. Despois de rematadas as prácticas, o titor externo realizará e remitirá ao titor académico un informe final segundo modelo normalizado que recollerá o número de horas empregadas polo estudante e no que poderá valorar os seguintes aspectos referidos ás competencias xerais ou específicas previstas no correspondente proxecto formativo:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización de traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. Caso de estudantes con discapacidade que teñan dificultades na expresión oral ou escrita, deberá indicarse o grao de autonomía para esta habilidade e se require dalgún tipo de recurso técnico e/ou humano para ela.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relacións co seu entorno laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) Aqueloutros aspectos que se consideren oportunos.

## **12. Memoria final das prácticas do estudante**

12.1. O estudante elaborará e fará entrega ao titor académico dunha memoria final, cando remate as prácticas, na que deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais do estudante.
- b) Nome da entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de ubicación.
- c) Breve descrición da entidade colaboradora, da súa actividade, tamaño e importancia no sector correspondente.
- d) Descrición concreta e detallada das tarefas e traballos desenvolto, o perfil profesional en que se engloban, así como os departamentos da entidade aos que foi asignado.
- e) Correspondencias existentes entre as tarefas desenvolto e os coñecementos e competencias adquiridos no Título de Grao, indicando aqueles que resultaron de maior utilidade e sinalando, se é o caso, as posibles carencias detectadas na súa formación universitaria.
- e) Relación dos problemas xurdidos e o procedemento seguido para a súa resolución.

f) Identificación das aportacións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas, especificando o seu grado de satisfacción e posibles suxestións de mellora.

### **13. Avaliación das prácticas.**

13.1. O titor académico da universidade avaliará as prácticas desenvoltas á vista da memoria final presentada polo estudante e o titor da entidade colaboradora, elaborando o correspondente informe de valoración, segundo modelo normalizado aprobado polo Centro.

### **14. Recoñecemento académico e acreditación.**

14.1. Segundo se estipula no Convenio da Universidade da Coruña, para cada práctica individual formalizarase un compromiso anexo ao Convenio, de conformidade co modelo oficial establecido pola universidade.

14.2. As Prácticas Externas Curriculares terán a validez académica que se lles outorgar no correspondente plan de estudos, e serán contempladas no Suplemento Europeo ao Título de conformidade coa normativa de aplicación.

14.3. O recoñecemento académico das Prácticas Externas Extracurriculares realizarase consonte coas normas e procedementos establecidos pola Universidade da Coruña, e incorporarase ao Suplemento Europeo ao Título de conformidade coa normativa de aplicación.

### **15. Seguro Escolar.**

O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Ademais, o estudantado da UDC (tanto menores como maiores de 28 anos) está cuberto polo seguro “Hac Luce”, que pode ser ampliado nas súas coberturas de maneira individualizada e voluntaria por cada estudante. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional. A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

### **16. Oferta, difusión e adxudicación.**

16.1. O Centro comprométese a convocar, difundir e tramitar entre o seu estudantado as ofertas de prácticas que reciba das Entidades Colaboradoras no marco dos Convenios subscritos.

16.2. O Centro configurará a oferta e establecerá un proceso de selección para as Prácticas Externas Curriculares, garantindo os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

16.3. O Coordinador do Programa de Prácticas Externas do Centro fará pública a



oferta de Prácticas Externas Curriculares en cada Curso académico, sempre con antelación abondo ao proceso de adxudicación. A oferta deberá conter, na medida do posible, os seguintes datos:

- a) Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica.
- b) Centro, localidade e enderezo onde terá lugar.
- c) Datras de comezo e fin da práctica, así como a súa duración en horas.
- d) Número de horas diarias e horario asignado
- e) Actividades e competencias que se van desenvolver.

16.4. Unha vez publicada a oferta de Prácticas Externas Curriculares, o estudantado solicitará ser admitido nestas, nos prazos e co modelo de impreso de Solicitud de admisión que o Centro establecer. Na solicitud, os estudantes especificarán unha orde de preferencia entre as prácticas ofertadas. Indicarán tamén se alegan algún tipo de discapacidade e o grado desta.

16.5. Existirá unha Comisión de Prácticas Externas no Centro, nomeada pola Dirección, constituída polo Coordinador do Programa de Prácticas Externas, que a presidirá, tres profesores e un estudante membros da Xunta de Centro, e un membro do persoal da administración do Centro. Un dos profesores actuará como secretario da Comisión, utilizando como criterios para designar o posto na Comisión a categoría docente e a antigüidade na categoría dos nomeados.

16.6. Unha vez pechado o prazo de solicitud de admisión, a Comisión de Prácticas Externas reunirse para proceder á asignación das Prácticas Externas Curriculares entre aqueles estudantes que cumpran os requisitos para a súa realización establecidos neste regulamento. A asignación realizarase por orde consecutivo de mellor a peor expediente académico, tomando a práctica non asignada previamente que conste en primeiro lugar entre as preferencias do estudante. En calquera caso, respetarase o principio de igualdade, mérito e capacidade.

16.7. Como excepción a 16.6, e segundo estipula o artigo 17 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, o Centro outorgará prioridade na elección e adxudicación de prácticas aos estudantes con discapacidade co obxecto de que poidan optar a empresas nas que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao transporte para o seu traslado e acceso a elas.

16.8. A Comisión de Prácticas Externas publicará a proposta provisional de adxudicación de Prácticas Externas Curriculares. Coa publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, o órgano competente publicará unha listaxe definitiva. O proceso completo de adxudicación deberá estar completado con antelación abondo ao vencemento dos prazos de matrícula en cada curso académico.

16.9. No caso de que non se completase a oferta de Prácticas Externas Curriculares, e en función dos Convenios subscritos, as prazas restantes poderán ser ofertadas como Prácticas Externas Extracurriculares.

16.10. Poderanse ofertar outras prácticas curriculares ao longo do curso académico, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e teñan o visto e prace da Comisión de Prácticas Externas.

16.11. As Prácticas Externas Extracurriculares poden ser solicitadas sen convocatoria previa de proceso de selección e a petición do alumno interesado, sempre que se cumpran os requisitos do presente regulamento. A asignación será realizada pola Comisión de Prácticas Externas que, en caso de conflito, utilizará os criterios especificados nos artigos 16.6 e 16.7 deste regulamento.

## **17. Matrícula.**

17.1. O proceso de matrícula académica só é aplicable ás Prácticas Externas Curriculares do plan de estudos do Grao.

17.2. Unha vez que a asignación das Prácticas Externas Curriculares sexa definitiva, o estudante poderá formalizar a matrícula na materia correspondente do plan de estudos do Grao e o compromiso anexo ao Convenio, de conformidade co modelo oficial establecido pola universidade.

17.3. A matrícula das Prácticas Externas Curriculares do plan de estudos do Grao realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o alumno reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen de acordo co número de créditos asignados.

17.4. O peche e entrega das actas de avaliación das Prácticas Externas Curriculares aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

## **18. Garantía de calidade.**

19.1. O sistema interno de garantía de calidade do Centro articulará os procedementos que garantan a calidade das prácticas externas que realicen os estudantes. Os citados procedementos incluírán mecanismos, instrumentos e órganos ou unidades adicados á recolla e análise de información sobre o desenvolvemento das prácticas e a revisión da súa planificación.

Disposición Final. O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte á súa aprobación polo Consello de Goberno da UDC.